

MUYERES

Marta Lallana, 2023

1213

ESTREA EN NUMAX: 17.12.2023 | V.O. | TP | 77 min

Un home abandónao todo e marcha ás montañas de Asturias para preservar a cultura e a música das anciás que alí viven. «Muyeres», debut en solitario de Marta Lallana, explora, cunha sensibilidade chea de poesía, ese territorio atávico bañado pola luz da lúa e o lume e impregnado de lendas. Unha película tan delicada e emotiva como só pode ser a aperta dunha avoa.

Presentación e coloquio con Raül Refree



Entrevista con Marta Lallana: «Todo o mundo me dicía que chegara 10 anos tarde, que o filme era imposible de facer»

Por Iris León Antolín

Cal foi a túa inspiración para crear o guión da película a parte da viaxe que realizou o teu compañeiro Raül Refree? Para crear a historia inspireime na viaxe de Raül que fixo todo o traballo de campo xunto a Rodrigo Cuevas, músico asturiano que esta moi inmerso na cultura folclórica. Ambos fixeron un traballo de investigación por Asturias e a partir de aí Raül acabou fascinado con todo este mundo, tan fermoso como descoñecido.

Anteriormente tanto Raül coma min traballáramos xuntos en *Ojos negros* (2019), a miña primeira película, da que el foi autor da banda sonora e de aí nace unha relación de amizade. Ao volver da súa viaxe, Raül díxome que con todo o material que recompilara podía facerse unha película. A partir de aí, empecei a investigar desde a miña casa e vin unha serie de programas na televisión rexional asturiana. Foi en xaneiro de 2020 cando fixen unha viaxe a Asturias e deime de conta de que todas as mulleres coas que quería falar xa faleceran ou estaban moi enfermas. Nese instante todo o mundo dicía que eu chegara tarde, que a película podía terse feito 10 anos atrás pero agora era imposible.

Eu tiña unha visión moito máis romantizada de todo ese ambiente e foi a partir deste sentimento de imposibilidade que me transmitían e a sensación de que se me estaba escapando algo das mans que decidín emprender o guión. De todo isto nace a idea de poder retratar as últimas gardiás desta tradición, transmisoras orais de romances e lendas que non precisaban a palabra para transportarnos ao pasado.

Esta película podería considerarse unha alegoría do despoboamento rural? Unha cousa contén a outra, xa que estas mulleres viven en aldeas na que só viven dúas persoas. É verdade que é unha zona moi despoblada e con isto o que eu quería retratar era como é a vida destas mulleres que ao final parece que viven noutro mundo. Elas sempre contan que abrían a xanela e escoitaban á xente cantar, tiñan unha vida moito mais ligada á natureza, á comunidade e agora todo iso cambiou. Ao final, é un retrato de como está o mundo rural sobre todo nesa zona específica de Asturias.

Por que decidiches gravalo en branco e negro? Quizais para achegarte máis ao público e crear un vínculo máis estreito coa mensaxe que queres transmitir? En realidade non foi unha decisión mental senón máis ben foi unha decisión emocional. Sempre que pensaba na película víñanme as imaxes en branco e negro. Decateime agora facendo entrevistas que cando o tiveren moi claro foi a partir da primeira viaxe onde pensaba que chegaba tarde, foi tan triste ao dar-me conta de que esas tradicións estaban a morrer que quizais foi a razón para facela desta maneira. Tamén, vén ligado un pouco ao recordo que era máis melancólico e intento facer unha relación equilibrada entre as mulleres protagonistas e as paisaxes.